

Bo día familias!

Como ben sabedes do 18 ao 23 de abril conmemórase a Semana do Libro e, desde o Equipo de Biblioteca e de Dinamización da Lingua Galega, propoñémosvos como actividade a realización dun “BookFace”.

Esta tarefa consiste en fundirse coa portada dun libro encaixando a cara e/ou algunha parte do corpo, tal e como podedes observar nas seguintes imaxes:



Cada neno e nena escollerá un conto libremente, fará a actividade na súa casa e subirá o resultado á aula virtual onde atoparán unha tarefa creada para tal fin.

O prazo para a entrega dos traballos será desde o **venres 8 de abril de 2022** ata o **22 de abril de 2022**.

Deixade voar a vosa imaxinación!